

# XIV FESTA do VIÑO TINTAFEMIA



*30 de Xuño, 1 e 2 de Xullo  
Santa Maria de Cela*



# Saúda XUNTA GALICIA

Galicia é terra de viño. Temos cinco denominacións de orixe e numerosas variedades de uva autóctona que fan que poidamos gozar na nosa terra dos mellores caldos de todo o mundo.

E, ademais, o viño marida á perfección co turismo, convertendo o enoturismo nun dos valores diferenciadores do noso destino máis prezados polos nosos visitantes.

Porque paseando entre viñedos ás beiras do mar ou dos ríos, nas ladeiras e montañas galegas e sempre da man do coñecemento do viño é posible descubrir tamén gran parte da esencia de Galicia e do noso patrimonio natural e cultural.

Por iso, a celebración desta XIV edición da Festa do Viño Tinta Femia de Cela é, para nós, unha ledicia. Unha ledicia porque se mantén viva unha tradición, pero tamén porque queda de manifesto o potencial que o enoturismo acadou na nosa comunidade.

Un potencial, o dos nosos territorios vinícolas, que dende Turismo de Galicia nos comprometemos a activar e dinamizar turisticamente para que o enoturismo sexa nun dos nosos principais reclamos como destino, xunto cunha das mellores gastronomías do mundo.

E, neste sentido, esta festa é tamén unha grande oportunidade para dar a coñecer o mellor da nosa terra. Porque todos aqueles que visiten esta localidade de Bueu poderán descubrir non só as bondades do viño galego senón gozar tamén das nosas praias, dos nosos pazos, dos muíños e da natureza.

Por todo isto, queremos darvos a todos os que o facedes posible, os nosos máis sinceros parabéns. Estamos seguros de que un ano máis será unha atractiva cita do verán galego, polo que vos animamos a gozar ao máximo desta festa de exaltación do Viño Tinta Femia 2017.

**M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez**  
**Directora de Turismo de Galicia**